



Anuncio

El Pleno de este ayuntamiento, en la sesión ordinaria celebrada con fecha 20 de septiembre de 2013, acordó aprobar inicialmente la Ordenanza Reguladora de los Usos en Espacios de Dominio y Uso Público y de las Limitaciones a los Estacionamientos en las Vías y Espacios Públicos Municipales. En cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 49 y 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, y en el artículo 56 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local, se somete el expediente a información pública por el plazo de treinta días, contados desde el día siguiente al de la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que pueda ser examinado y se presenten las reclamaciones que estimen oportunas.

Si transcurrido dicho plazo no se hubieran presentado alegaciones, se considerará aprobado definitivamente el acuerdo antedicho.

Lobios, 25 de septiembre de 2013. La alcaldesa.

Fdo.: María del Carmen Yáñez Salgado.

R. 3.828

Ourense

Servizo de Licenzas Urbanísticas, de Actividade, Aperturas e Disciplina

Anuncio de notificación a Promociones Congostro, SL, de trámite de audiencia no expediente de Rexistros Urbanísticos número 2012005963 - Inscripción no Rexistro de Soares e Terreos sen Urbanizar do predio situado na Rúa Lugo, n.º 7, Ourense.

Mediante este anuncio e segundo o disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, publícase a notificación do acto administrativo, por imposibilidade de notificar a Promociones Congostro, SL, na rúa Padre Feijoo, n.º 5, 1º, Ourense, que transcrita literalmente di o seguinte:

Notificación

Relacionado co expediente de referencia, relativo á inscrición no Rexistro de Soares e Terreos sen Urbanizar do predio situado na rúa Lugo, número 7, emitido informe técnico de valoración do soar polo arquitecto do Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística, de data 19 de xullo de 2013, segundo se recolle no artigo 12 da Ordenanza Municipal de Rexistros de Soares e Terreos sen Urbanizar, mediante esta notificación trasládasele aquel, de conformidade co disposto nos artigos 76 e 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, co obxecto de que dispón dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao recibo desta notificación para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

De acordo co artigo 4 da Lei 15/1999, do 13 de decembro, co fin de protexer a indexación automática dos datos por procedementos telemáticos, naqueles expedientes que figuren con informe anexo, este poderá ser consultado polo titular do dereito de acceso, nas dependencias do Negociado de Rexistros Urbanísticos, na sede de Urbanismo; rúa García Mosquera, n.º 19, esquina coa rúa Padre Feijoo, de Ourense.

O prazo e efecto desta notificación comeza a partir do día seguinte desta publicación, ata a fin do prazo indicado.

Ourense, 20 de setembro de 2013. O alcalde.

Asdo.: Agustín Fernández Gallego.

Servicio de Licenzas Urbanísticas, de Actividade, Aperturas y Disciplina

Negociado de Registros Urbanísticos

Expediente n.º 2012005963

Anuncio de notificación a Promociones Congostro, SL, de trámite de audiencia en el expediente de Registros Urbanísticos número 2012005963 - Inscripción en el Registro de Solares y Terrenos sin Urbanizar de la finca sita en la calle Lugo, número 7, Ourense.

Por el presente anuncio, en virtud de lo dispuesto en el artículo 59 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, se publica la notificación del acto administrativo, por imposibilidad de notificar a Promociones Congostro, SL, en la calle Padre Feijóo, n.º 5, 1º, Ourense, que transcrita literalmente dice lo siguiente:

Notificación

En relación con el expediente de referencia, relativo a la inscripción en el Registro de Solares y Terrenos sin Urbanizar de la finca sita en la calle Lugo, número 7, emitido informe técnico de valoración del solar por el arquitecto municipal del Servicio de Planeamiento y Gestión Urbanística, de fecha 19 de julio de 2013, según se recoge en el artículo 12 de la Ordenanza Municipal de Registro de Solares y Terrenos sin Urbanizar, mediante la presente notificación se le traslada este, de conformidad con lo dispuesto en el art. 84 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, al objeto de que dispone de un plazo de diez días, contados a partir del día siguiente al recibo de la presente notificación para alegar y presentar los documentos y justificaciones que estime pertinentes.

Conforme al artículo 4 de la Ley 15/1999, de 13 de diciembre, con el fin de proteger la indexación automática de los datos por procedimientos telemáticos, en aquellos expedientes que figuren con informe anexo, este podrá ser consultado por el titular del derecho de acceso, en las dependencias del Negociado de Registros Urbanísticos, en la sede de Urbanismo, calle García Mosquera, n.º 19, esquina a la calle Padre Feijoo, de Ourense.

El plazo y efecto de esta notificación comienza a partir del día siguiente de esta publicación, hasta el fin del plazo indicado.

Ourense, 20 de septiembre de 2013. El alcalde.

Fdo.: Agustín Fernández Gallego.

R. 3.827

Ourense

Servizo de Licenzas Urbanísticas, de Actividade, Apertura e Disciplina

Sección de Disciplina Urbanística

Expediente n.º 2013009705

“A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 19 de setembro de 2013, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Bases xerais para futuras convocatorias de subvencións para financiar parte dos honorarios profesionais derivados da realización dos informes de Inspección Técnica de Edificios.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade, acordou:

1º Aprobado as bases xerais polas que se rexerán as convocatorias de subvencións do custo económico da realización dos informes da Inspección Técnica de Edificios.



2º Ordenar a publicación das bases xerais no BOP para xeral coñecemento.

Ourense, 23 de setembro de 2013. O alcalde.
Asdo.: Agustín Fernández Gallego.

Bases xerais polas que se rexerán as convocatorias de subvencións do custo económico da realización dos informes da Inspección Técnica de Edificios

Base 1ª - Obxecto e ámbito de aplicación

1.- Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto establecer o réxime xurídico que se vai regular, a tramitación e concesión das axudas municipais para subvencionar parcialmente o custo da redacción do Informe de Inspección Técnica da Edificación a aqueles propietarios que demostren a escaseza de recursos económicos para afrontar os gastos derivados da súa redacción.

Estas axudas van dirixidas ao fomento da obrigación de presentación do Informe de Inspección Técnica da Edificación no prazo e conforme ás disposicións establecidas na Ordenanza municipal reguladora do deber de conservación, da inspección técnica de edificacións e de ruína do Concello de Ourense.

2.- Ámbito obxectivo

O gasto subvencionable neste tipo de axuda estará constituído polos honorarios profesionais xerados pola redacción do informe de Inspección Técnica da Edificación que se describe na Ordenanza municipal reguladora do deber de conservación, da inspección técnica de edificacións e de ruína do Concello de Ourense.

O feito de que o dito informe se atope incluído dentro do Informe de Avaliación de Edificios previsto no Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 e na Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas non implicará a exclusión á hora de participar na presente convocatoria.

A presentación do informe de ITE dentro do prazo establecido pola ordenanza municipal reguladora é requisito indispensable para poder participar na convocatoria. Non entanto, tamén habilitará para participar nela o informe de ITE presentado voluntariamente antes do prazo fixado na dita norma.

Non poderán solicitar a subvención aqueles informes de ITE desfavorables que propoñan a realización de obras no inmovible ata que non se executen aquelas previa solicitude e obtención do título administrativo que habilite para iso e se comprobe a súa efectiva execución así como a súa corrección e axuste á proposta, de forma que o informe inicial desfavorable pase a ser, en última instancia, favorable.

Os custos derivados do informe de ITE que poden ser obxecto de subvención serán exclusivamente os que se refiran a edificacións ou partes de edificacións que cumpran os seguintes requisitos:

a) O uso daquelas sexa o residencial. Para os efectos desta consideración, a coexistencia co uso residencial de despachos profesionais do titular da vivenda non implicará para o inmovible ou parte do inmovible a perda da súa consideración como residencial e, polo tanto, non impedirá participar na presente convocatoria.

b) Constitúan a vivenda habitual do seu propietario. Enténdese por tal, para os efectos da presente convocatoria, aquela na que estea empadroadado e na que resida a maior parte do ano.

3.- Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas:

a) As persoas físicas que sexan propietarias de inmovibles de uso residencial que acrediten a súa condición e xustifiquen escaseza de recursos económicos suficientes para a asunción do custo derivado da emisión do informe de Inspección Técnica da Edificación.

Enténdese, para os efectos desta convocatoria, que o solicitante ten escaseza de recursos económicos cando se dean as seguintes circunstancias:

- Ingresos: non superarán en máis de 2,5 o indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM) fixado para o ano no que se presentou a última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas.

- Patrimonio: non poderá ser titular doutro ben inmovible de natureza urbana ou rústica para os efectos catastrais e impositivos con uso específico residencial no termo municipal.

Nos supostos en que o inmovible estea suxeito ao réxime de propiedade horizontal, a persoa física poderá solicitar o outorgamento da subvención exclusivamente en relación coa parte proporcional que teoricamente lle corresponde asumir do custo dos honorarios profesionais derivados da elaboración do informe de ITE en función da porcentaxe de participación asignado ao inmovible na escritura constitutiva da comunidade ou nas modificacións desta.

b) As formas de comunidade legalmente recollidas na lexislación civil que poidan ter a titularidade de edificios ou parte destes, tales como comunidades de bens, comunidades hereditarias, pro indivisos, etcétera.

Non poderán ser beneficiarios desta subvención:

a) As persoas xurídicas con forma societaria.

b) As asociacións con ou sen ánimo de lucro.

c) As fundacións.

d) A Igrexa Católica e as demais confesións relixiosas recoñecidas en España, así como as súas congregacións, institutos e similares.

e) As organizacións non gobernamentais.

f) As comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal como tales.

4.- Contía

A contía máxima da axuda non poderá superar o máis desfavorable dos dous seguintes límites:

a) Non excederá o 50% do custo da elaboración do informe do edificio ou ben, no caso de inmovibles suxeitos ao réxime de propiedade horizontal, o 50% do gasto proporcional que lle corresponde asumir.

b) Non superará o importe máximo de 200 € por solicitante.

Base 2ª - Solicitudes e procedemento

1.- Normas xerais

1. As solicitudes, segundo o modelo do anexo I, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ourense ou por calquera outro medio previsto no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. O prazo de presentación de solicitudes de axudas comezará coa publicación de cada convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

2. O procedemento de outorgamento realizarase mediante convocatoria aberta en réxime de concorrencia competitiva conforme ao establecido no artigo 59 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

3. A instrución do procedemento corresponderalle ao Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs, baixo a responsabilidade do



xefe do servizo, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución que tamén queda encomendada ao dito servizo e cargo.

4. Os ditames de avaliación das propostas de outorgamento das subvencións serán realizados por unha Comisión Avaliadora, que estará integrada da seguinte forma:

Presidente: o membro da Corporación que exerza as competencias, por ser o titular destas ou por delegación deste, en materia de Urbanismo.

Secretario: un funcionario da escala de administración xeral do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs.

Vogais:

O interventor xeral municipal.

O asesor xurídico.

O xefe do Servizo de Licenzas Urbanísticas, de Actividade, Aptura e Disciplina, que poderá actuar como relator da comisión.

O xefe da Sección de Disciplina Urbanística e ITE do servizo citado que poderá actuar como relator da comisión.

Os membros titulares da comisión poderán delegar, de xeito permanente ou para cada convocatoria individualizada de sesión, o exercicio do seu cargo, noutra persoa, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) O presidente da comisión terá que ser obrigatoriamente un membro da Corporación municipal.

b) O secretario terá que pertencer á escala de administración xeral do concello.

c) Os vogais deberán de pertencer ao mesmo grupo de clasificación profesional e ter a mesma ou superior titulación académica que os titulares.

6. A resolución dos expedientes corresponderalle ao membro da Corporación que exerza as competencias, por ser o titular destas ou por delegación da Alcaldía, en materia de Urbanismo que é, así mesmo, o órgano que ten a competencia para autorizar o correspondente gasto, tras o ditame de avaliación formulado pola Comisión Avaliadora. A dita resolución pon fin á vía administrativa e deberá adoptarse no prazo de dous meses contados desde o día seguinte en que remate o prazo de presentación de solicitudes. Unha vez transcorrido este prazo sen que se notificase a resolución, os interesados poderán entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención para os efectos oportunos.

7. A resolución que conceda a subvención incluirá, ademais, o recoñecemento da obrigação co solicitante da subvención polo importe económico concedido así como a ordenación do pagamento deste.

2.- Documentación que debe acompañar á solicitude.

Xunto coa solicitude acompañarase a seguinte documentación, sempre que esta non poida ser obtida pola dependencia xestora municipal a través de procedementos telemáticos ou de solicitudes formuladas ás administracións e entidades que as teñan que facilitar:

1. Documentación relativa ao/á solicitante.

a) Fotocopia do documento de identificación (DNI, tarxeta de estranxeiro, etcétera) do/da solicitante e, de ser o caso, do seu representante.

b) Acreditación da representación que se diga ter, se é o caso, por calquera dos medios previstos na Lei 30/1992.

c) Declaración responsable de non estar incurso/a nos supostos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo II).

d) Declaración responsable do cumprimento das obrigações sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo III).

e) Copia da última declaración do IRPF, certificado de rendas, expedido pola AEAT, ou documentación que o substitúa. Este requisito poderá ser substituído pola autorización ao concello para que solicite da AEAT os datos tributarios que precise para a tramitación e resolución do expediente só nos casos de non existencia da obrigação de declarar.

f) No suposto dos emigrantes, a xustificación das rendas familiares efectuarase ben da mesma forma indicada no parágrafo anterior deste apartado ou ben mediante copia ou fotocopia compulsada da declaración realizada do imposto similar ao IRPF presentada no país onde reciba as ditas rendas, autenticada pola agregaduría laboral, delegación consular ou embaixada de España competente e, de ser o caso, acompañada con tradución auténtica a calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma. Se os ingresos estivesen denominados noutras moedas, o seu contravalor en euros calcularase aplicando o último tipo de cambio do ano no que se produzan tales ingresos.

g) Tarxeta de demandante de emprego, se é o caso, debidamente actualizada.

h) Libro de familia, certificados do Rexistro Civil ou calquera outra documentación que acredite a condición de familia monoparental ou numerosa, se é o caso.

i) Resolución xudicial ou administrativa firme que acredite a condición de vítima de violencia de xénero, se é o caso.

j) Certificado da administración pública competente que acredite o grao de minusvalía física, de ser o caso.

k) Certificado de empadramento, con indicación do tempo que leva empadroad/a no domicilio actual.

2. Documentación acreditativa da titularidade do inmovible.

Nos supostos de propiedade individual: contrato de compra-venda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición de herdanza, testamento e/ou certificado de últimas vontades, documento de aceptación da herdanza, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación ou título que acredite suficientemente a titularidade.

Nos casos de cotitularidade do inmovible, autorización asinada polos demais copropietarios para solicitar a subvención obxecto desta convocatoria e cobrala, no caso de que teñan dereito a iso.

3. Documentación relativa ao informe da ITE.

a) Factura acreditativa do pagamento do informe de ITE.

b) Acreditación do pagamento daquela mediante transferencia bancaria. Non se admitirán outras formas de pagamento, nin aínda no caso de que o importe da factura sexa inferior aos 2.500 € establecidos na Lei 7/2012, do 29 de outubro, en relación cos pagamentos de cantidades iguais ou superiores a 2.500 €.

c) Acreditación da presentación do informe da ITE mediante copia simple da instancia de presentación no Rexistro Xeral municipal ou a indicación dos datos necesarios para a súa localización na Sección de Disciplina Urbanística e ITE (número de rexistro, interesado/a que o presentou, enderezo, técnico redactor, etcétera).

A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases e das obrigações establecidas nelas, así como a autorización tácita para solicitar os datos en poder de calquera Administración pública que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo tesoreiro municipal que acredite que se encontran ao día nas súas obrigações fiscais co concello, etc.)



4.- Procedemento de concesión de axudas

O procedemento de concesión de axudas será o de concorrencia competitiva en réxime de convocatoria aberta.

5.- Financiamento das subvencións

A realización de cada convocatoria de concesión de axudas queda expresamente condicionada á existencia de partida para o efecto e de crédito suficiente nela.

Igualmente deberá existir crédito suficiente no momento de resolución de cada convocatoria para poder conceder as axudas individuais que os concorrentes soliciten.

Cada convocatoria permitirá outorgar subvencións ata esgotar na súa totalidade o crédito orzamentario existente na partida que para ese efecto estea habilitada.

No caso de que con posterioridade á resolución da convocatoria se xerase, no mesmo exercicio orzamentario, novo crédito suplementario, o órgano competente poderá decidir a súa aplicación ou non á convocatoria, previa tramitación do correspondente expediente de gasto antes da resolución, sen necesidade de presentación de novas solicitudes e seguindo a orde de prelación das solicitudes que inicialmente non obtiveron subvención xa establecida.

Base 3ª -Criterios de avaliación das solicitudes

1.- Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación tenderán á análise e á comparación das solicitudes para establecer unha xerarquía entre as mesmas de acordo coas puntuacións obtidas por cada unha delas pola aplicación do baremo fixado neste artigo co fin último de priorizar aos solicitantes que obtivesen maior puntuación para, a continuación, determinar a contía da subvención cos límites fixados na base 1ª - apartado 4º.

Defínense como criterios e baremos para valorar as solicitudes presentadas os seguintes:

-Táboa de puntuación por criterios sociais:

- Cando o/a solicitante teña 65 ou máis anos de idade, sempre que se atope xubilado e non realice actividade profesional como autónomo: 1 punto.

- Cando o/a solicitante teña 35 ou menos anos de idade: 1 punto.

- Cando o/a solicitante constituía unha familia monoparental: 1 punto.

- Cando o/a solicitante teña a consideración de vítima de violencia de xénero: 1 punto.

- Cando o/a solicitante se atope en situación de desemprego e o tempo leve en devandita situación sexa igual ou superior a dous anos: 1 punto.

- Cando o/a solicitante acredite un grao de minusvalía igual ou superior ao 33% ou un grao de minusvalía inferior pero cuxa dependencia estea clasificada nos graos I e II establecidos no artigo 26.1 da Lei 39/2006: 1 punto.

- Cando convivan co solicitante persoas que acrediten un grao de minusvalía igual ou superior ao 33% ou un grao de minusvalía inferior, pero cuxa dependencia estea clasificada nos graos I e II establecidos no artigo 26.1 da Lei 39/2006: 1 punto.

- Cando convivan co solicitante persoas menores de 25 anos ou maiores de 70 anos: 1 punto.

Estas situacións deberán existir no momento de presentación da solicitude ou ben producirse durante o prazo de presentación de solicitude, e que deberán acreditarse coa documentación indicada na base 2ª - apartado 2º.

-Táboa de puntuación por ingresos:

IPREM; Puntuación

0-0,5; 5

0,51-1; 4

1,01-1,5; 3

1,51-2; 2

2,01-2,5; 1

- Táboa de puntuación en función do informe da ITE:

- Cando o informe da ITE presentado sexa favorable e na súa tramitación non fosen necesarios máis trámites que a comprobación do devandito carácter sen que tivese que requirirse nova documentación, correccións, etc.: 1 punto.

A puntuación final que se lle atribuirá a cada solicitude e que determinará a súa prioridade respecto doutras obterase da suma dos puntos obtidos por todos os criterios anteriormente expresados.

No caso de igualdade de puntos terá/n preferencia aquela/s solicitude/s que teña/n completado temporalmente antes toda a documentación esixida en función das circunstancias do solicitante e do inmovible. No caso de que este criterio non sexa suficiente para desfacer a igualdade, priorizarase en función do día no que a solicitude foi presentada no rexistro xeral do concello.

Base 4ª - Compatibilidade das axudas

A presente subvención é compatible con calquera outra de carácter público que poida outorgarse polo concepto obxecto da presente.

Expresamente declárase a compatibilidade coa axuda prevista no art. 35 do RD 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

Base 5ª - Xustificación da subvención

Non será precisa a xustificación da subvención mediante a presentación de documentación para o efecto nin de conta xustificativa desta dado que o obxecto da mesma produciuse con anterioridade o seu outorgamento e que os beneficiarios non teñen obrigacións posteriores ao dito outorgamento que deban de ser comprobadas.

Base 6ª - Publicidade

As presentes bases, xunto cos seus anexos serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, as bases serán publicadas na páxina web do Concello de Ourense www.ourense.es, no apartado referente a Urbanismo.

As presentes bases comunicaránselle ao Rexistro de Subvencións creado nos art. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

Dos acordos de concesión da axuda aos beneficiarios, darase publicidade no taboleiro de anuncios do Concello de Ourense nos termos do art. 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no art. 30 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e art. 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tamén serán publicadas na páxina web do Concello de Ourense www.ourense.es, no apartado referente a Urbanismo.

Ao mesmo tempo daráselle comunicación da información prevista nos arts. 35 e seguintes do RD 887/2006, do 21 de xullo, á Intervención municipal.

Ademais, de acordo co establecido no art. 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, facilitaráselle á consellería competente en materia de economía e facenda, información sobre as subvencións xestionadas na execución da presente ordenanza.

Base 7ª - Revogación, renuncia e reintegro da axuda concedida

1.- Revogación da axuda concedida

Serán causas de revogación da axuda concedida o incumprimento por parte do beneficiario da subvención de calquera das obrigacións, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a falsidade nas decla-



racións responsables e demais documentación que deba achegar xunto coa solicitude.

2.- Renuncia da axuda concedida

O beneficiario poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

A renuncia só se poderá admitir no prazo dun mes, que se contará desde a notificación do outorgamento da axuda.

3.- Reintegro da axuda

Tanto as causas como o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeranse pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e disposicións de desenvolvemento, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, supletoriamente, polas disposicións xerais sobre procedemento administrativo contido no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Base 8ª - Normativa supletoria

No que non estea previsto nestas bases atenderase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, de subvencións; nas bases de execución dos orzamentos municipais e restante normativa aplicable.

Base 9ª - Disposición final

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación, de acordo coa aprobación e do texto das bases no Boletín Oficial da Provincia.

Servicio de Licencias Urbanísticas, de Actividad, Apertura y Disciplina

Sección de Disciplina Urbanística

Expediente n.º 2013009705

“La Junta de Gobierno Local, en la sesión ordinaria de 19 de septiembre de 2013, adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:

Bases generales para futuras convocatorias de subvenciones para financiar parte de los honorarios profesionales derivados de la realización de los informes de Inspección Técnica de Edificios.

La Junta de Gobierno Local, de conformidad con la propuesta, por unanimidad, acordó:

1º Aprobar las bases generales por las que se regirán las convocatorias de subvenciones del coste económico de la realización de los informes de la Inspección Técnica de Edificios.

2º Ordenar la publicación de las bases generales en el BOP para general conocimiento.

Ourense, 23 de septiembre de 2013. El alcalde.

Fdo.: Agustín Fernández Gallego.

Bases generales por las que se regirán las convocatorias de subvenciones del coste económico de la realización de los informes de la Inspección Técnica de Edificios.

Base 1ª - Objeto y ámbito de aplicación

1.- Objeto y finalidad

Las presentes bases tienen por objeto establecer el régimen jurídico que se va a regular, la tramitación y concesión de las ayudas municipales para subvencionar parcialmente el coste de la redacción del informe de Inspección Técnica de la Edificación a aquellos propietarios que demuestren la escasez de recursos económicos para afrontar los gastos derivados de su redacción.

Estas ayudas van dirigidas al fomento de la obligación de presentación del informe de Inspección Técnica de la Edificación en el plazo y conforme a las disposiciones establecidas en la Ordenanza Municipal reguladora del Deber de Conservación, de la Inspección Técnica de Edificaciones y de Ruina del Ayuntamiento de Ourense.

2.- Ámbito objetivo

El gasto subvencionable en este tipo de ayuda estará constituido por los honorarios profesionales generados por la redacción del informe de Inspección Técnica de la Edificación que se describe en la Ordenanza Municipal Reguladora del Deber de Conservación, de la Inspección Técnica de Edificaciones y de Ruina del Ayuntamiento de Ourense.

El hecho de que dicho informe se encuentre incluido dentro del informe de Evaluación de Edificios previsto en el Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, por el que se regula el Plan Estatal de Fomento del Alquiler de Viviendas, la Rehabilitación Edificatoria, y la Regeneración y Renovación Urbanas, 2013-2016, y en la Ley 8/2013, de 26 de junio, de Rehabilitación, Regeneración y Renovación Urbanas no implicará la exclusión a la hora de participar en la presente convocatoria.

La presentación del informe de ITE dentro del plazo establecido por la ordenanza municipal reguladora es requisito indispensable para poder participar en la convocatoria. No obstante, también habilitará para participar en esta el informe de ITE presentado voluntariamente antes del plazo fijado en dicha norma.

No podrán solicitar la subvención aquellos informes de ITE desfavorables que propongan la realización de obras en el inmueble hasta que no se hayan ejecutado aquellas previa solicitud y obtención del título administrativo habilitante para ello y se halla comprobado su efectiva ejecución así como su corrección y ajuste a la propuesta, de forma que el informe inicial desfavorable pase a ser, en última instancia, favorable.

Los costes derivados del informe de ITE que pueden ser objeto de subvención serán exclusivamente los que se refieran a edificaciones o partes de edificaciones que cumplan los siguientes requisitos:

a) El uso de aquellas sea el residencial. A los efectos de esta consideración, la coexistencia con el uso residencial de despachos profesionales del titular de la vivienda no implicará para el inmueble o parte del inmueble la pérdida de su consideración como residencial y, por lo tanto, no impedirá participar en la presente convocatoria.

b) Constituyan la vivienda habitual de su propietario. Se entiende por tal, a los efectos de la presente convocatoria, aquella en la que se halle empadronado y en la que resida la mayor parte del año.

3.- Beneficiarios.

Podrán ser beneficiarios de las ayudas:

a) Las personas físicas que sean propietarias de inmuebles de uso residencial que acrediten su condición y justifiquen escasez de recursos económicos suficientes para la asunción del coste derivado de la emisión del Informe de Inspección Técnica de la Edificación.

Se entiende, a los efectos de esta convocatoria, que el solicitante tiene escasez de recursos económicos cuando se den las siguientes circunstancias:

- Ingresos: no superarán en más de 2,5 el Indicador Público de la Renta de Efectos Múltiples (IPREM) fijado para el año en el que se haya presentado la última declaración del impuesto sobre la renta de las personas físicas.